

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 14.11.2025 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de novembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 29349 (12/POC-004908)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as medidas que impulsa o Goberno galego para o fomento da plantación de castiñeiros e a rexeneración dos soutos tradicionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 232, do 11.08.2025
- 1.2 30754 (12/POC-005185)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego acerca da concentración parcelaria en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239f2, do 21.08.2025
- 1.3 31206 (12/POC-005259)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a moratoria das plantacións de eucalipto e a situación das masas forestais en Galicia, a valoración do Goberno galego sobre a posta en marcha dos plans de ordenación dos recursos forestais e outras actuacións nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 245, do 29.08.2025
- 1.4 33335 (12/POC-006079)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a evolución e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga e a postura manifestada por parte da veciñanza e das persoas titulares dos terreos



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257f1, do 18.09.2025

Publicación recualificación, BOPG n.º 277f2, do 30.10.2025

- 1.5 34973 (12/POC-005718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre as condicións laborais e de seguridade das brigadas
helitransportadas que traballan nas campañas de incendios forestais e a
postura da Consellería do Medio Rural ante a posibilidade de incrementar
o peso do sector público neste servizo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f3, do 08.10.2025
- 1.6 35680 (12/POC-005833)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as perspectivas da Xunta de Galicia en relación co impulso de
medidas destinadas a reducir o desperdicio alimentario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 269f1, do 16.10.2025
- 1.7 35865 (12/POC-005855)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a prevención e o
control da dermatose nodular contaxiosa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 269f1, do 16.10.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2025

María Encarnación Amigo Díaz

Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/11/2025 17:24:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/11/2025 17:35:42
Nº Rexistro: 10653
Data envío: 05/11/2025 17:35:42.494

CSV: REXPG-OD44W3Gk-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 17:35:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/11/2025 17:35:42
Nº Rexistro: 10653
Data envío: 05/11/2025 17:35:42.494

CSV: REXPG-OD44W3Gk-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Encarnación Amigo Díaz	P
Vicepresidente	
José Manuel Mato Díaz	P
Secretaria	
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Enrique Barreiro Sánchez	P
Cristina Campero Dorado	P
Juan Manuel Casares Gándara	P
Secundino Fernández Fernández	BNG
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Cecilia Vázquez Suárez	P
Sonia Vidal Lamas	BNG
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 29349(12/POC-004908)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as medidas que impulsa o Goberno galego para o fomento da plantación de castiñeiros e a rexeneración dos soutos tradicionais

Publicación da iniciativa, 232, 11.08.2025



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 11:01:58
Nº Rexistro: 29349
Data envío: 22/07/2025 11:01:58,838

Asinado o día 22/07/25
10:56
Por José Mato Díaz

A Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

A nosa comunidade é verde. De 3 millóns de hectáreas que ocupa Galicia, 2 millóns son consideradas forestais. Destes 2/3 do territorio, máis de 1,4 millóns de hectáreas son de superficie arborada. E delas, segundo o Inventario Forestal Continuo de Galicia hai 617.000 ha de frondosas que son obxecto da Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas que foi recentemente aprobado no Consello da Xunta. Desta superficie, case 50.000 ha está ocupada por castiñeiros.

O monte é unha gran riqueza para os galegos, unha capital natura do que ata 80.000 familias obteñen rendas del. Este eido económico supón, ademais, un 12% do emprego industrial de toda a comunidade. En Galicia córtase a metade da madeira de España, cunha media anual de 10 millóns de metros cúbicos (mentres que en toda España acádanse os 17 millóns de metros cúbicos en total), o que supón preto de 300 millóns de euros ao ano en facturación só por venda de madeira. O grupo parlamentario popular é consciente do recurso que posuímos na nosa terra e, sobre todo, da necesidade de saber xestionalo. Por iso, ante un sector que se erixe como unha das principais fontes de riqueza e emprego no rural galego, somos responsables do seu pleno desenvolvemento.

No ano 2018 o Ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia recolle un conxunto de medidas a prol do monte galego e da ordenación dos seus usos como a posta en valor dos soutos tradicionais. O grupo popular que apoiou plenamente o contido deste Ditame así como o contido da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia presentado neste Parlamento, considera que hai que poñer en marcha todas as actuacións necesarias para o seu cumprimento.

Concretamente, este plan configura como medida concreta a execución do Programa do castiñeiro e da produción da castaña. Este Programa presentouse ante o Consello da Xunta en maio de 2022. O castiñeiro é unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, tanto dende o seu punto de vista da alimentación como recurso madeireiro. Actualmente, a presenza do mesmo esténdese

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:56
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 22/07/2025 ás 10:56
Por Miguel Ángel Viso Diéguez



de xeito maioritario ás zonas interiores e de montaña, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Este grupo cre que as actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, ao ser consideradas de carácter estratéxico e para ser considerado como un recurso potencial resulta fundamental acadar a implicación de todos os niveis das administracións galegas así como dos distintos axentes económicos e sociais, tanto os grupos de desenvolvemento rural como os produtores forestais.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que balance fai o Goberno galego das últimas medidas que está a impulsar para o fomento das plantacións de castiñeiro e para a rexeneración e mellora dos soutos tradicionais?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2025.



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/07/2025 10:56:33
María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2025 10:56:47
José Mato Díaz na data 22/07/2025 10:56:57
Enrique Barreiro Sánchez na data 22/07/2025 10:57:04
Juan Manuel Casares Gándara na data 22/07/2025 10:57:12
Cristina Campero Dorado na data 22/07/2025 10:57:24
Nicole Grueira Fernández na data 22/07/2025 10:57:37
Ángel Rodríguez Conde na data 22/07/2025 10:58:02
Cecilia Vázquez Suárez na data 22/07/2025 10:58:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 11:01:58
Nº Rexistro: 29349
Data envío: 22/07/2025 11:01:58.838

CSV REXPO-GHRW/3mb-8
Visado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 11:01:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 11:01:58
Nº Rexistro: 29349
Data envío: 22/07/2025 11:01:58.838



CSV REXPO-GHRW/3nb-8
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 30754(12/POC-005185)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego acerca da
concentración parcelaria en Galicia

Publicación da iniciativa, 239f2, 21.08.2025



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:44:44
Nº Rexistro: 30754
Data envío: 08/08/2025 13:44:44.189

Asinado o día 08/08/2
Por María Encarnació
Díaz

A Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Desde a Xunta de Galicia, tense feito unha gran aposta polos procesos de concentración parcelaria, co fin último de darlle máis valor ás terras e aumentar a base territorial das nosas explotacións, para acabar por reducir considerablemente os seus custos de produción.

Desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia cremos totalmente necesario favorecer cantos máis procesos de concentración parcelaria mellor, co obxecto de mellorar as devanditas condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias de Galicia, reducindo o número de parcelas por granxa, agrupando a súa superficie nun menor número de parcelas, e reducindo eses custos de produción, pasando a incrementar a súa competitividade. Asemade, estamos convencidos de que estes procesos de mobilización e recuperación de terra agraria produtiva permiten, ademais, fixar poboación no rural –ao facer máis rendible a actividade produtiva–, loitando, ao tempo, contra o abandono e, deste xeito, avanzando na anticipación aos incendios forestais na comunidade.

Neste sentido, é evidente que diversificando os usos do solo, minorando os predios abandonados e despegando as explotacións cara a unha produción competitiva, acádase unha nova dimensión a través da que facer que o noso rural medre en futuro. Neste respecto, sabemos que se ten avanzando, nestes últimos anos de xeito incluso máis intenso, tanto na posta en marcha de novos procesos de concentración como no remate doutros que estaban abertos por parte da Consellería do Medio Rural, feito do cal é preciso facer un balance co fin último de determinar onde estamos e a onde queremos chegar por medio da aplicación desta ferramenta que é, de facto, un instrumento fundamental para o despegue socioeconómico do noso medio rural.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca da concentración parcelaria na nosa comunidade?

Asinado o día 08/08/2025 ás
13:42
Por José Mato Díaz

Asinado o día 08/08/2025 ás
13:42
Por Miguel Ángel Viso Diéguez





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:44:44
Nº Rexistro: 30754
Data envío: 08/08/2025 13:44:44.189

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025.



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 08/08/2025 13:42:35

José Mato Díaz na data 08/08/2025 13:42:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/08/2025 13:42:53

Enrique Barreiro Sánchez na data 08/08/2025 13:43:10

Juan Manuel Casares Gándara na data 08/08/2025 13:43:17

Cristina Campero Dorado na data 08/08/2025 13:43:32

Nicole Grueira Fernández na data 08/08/2025 13:43:47

Cecilia Vázquez Suárez na data 08/08/2025 13:44:22

Ángel Rodríguez Conde na data 08/08/2025 13:44:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:44:44
Nº Rexistro: 30754
Data envío: 08/08/2025 13:44:44.189



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 13:44:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:44:44
Nº Rexistro: 30754
Data envío: 08/08/2025 13:44:44.189

CSV REXPG-IQCEIWQ-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 31206(12/POC-005259)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a moratoria das plantacións de eucalipto e a situación das masas forestais en Galicia, a valoración do Goberno galego sobre a posta en marcha dos plans de ordenación dos recursos forestais e outras actuacións nesta materia

Publicación da iniciativa, 245, 29.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31206
Data envío: 14/08/2025 14:30:47.297

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O 23 de febreiro de 2021, o entón conselleiro do Medio Rural anunciou a suspensión temporal das novas plantacións de eucalipto en Galicia. A moratoria foi formulada como unha medida transitoria, sen data concreta de entrada en vigor, e vinculouse á aprobación da Lei de recuperación da terra agraria, daquela en tramitación parlamentaria.

A citada Lei 11/2021, do 14 de maio, establece na súa disposición transitoria novena un-ha moratoria sobre as novas plantacións de eucalipto, vixente ata o

31 de decembro de 2025. Esta medida, susceptible de ser prorrogada en función dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia, foi adoptada ante a expansión incontrolada do eucalipto, que podería acadar ata 600.000 ha na comunidade, sen que ata o de agora se adoptaran políticas públicas suficientes para frear o seu crecemento.

Durante este período de moratoria, é responsabilidade da Xunta avaliar os seus efectos reais e decidir se a prórroga resulta xustificada, especialmente tendo en conta o contexto actual de regresión das masas de piñeiro, afectadas por pragas (como o nematodo do piñeiro) e enfermidades como a banda marrón do *Pinus radiata*. A situación é especialmente grave: os datos do IV Inventario Forestal Nacional e do 1º Inventario Forestal Continuo de Galicia reflicten unha perda de 127.000 ha de coníferas entre

Asinado o día 14/08/2025 ás
12:38
Por Lara Méndez López

Asinado o día 14/08/2025 ás
12:38
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REVPG-QR6GAGv-1
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista

2015 e 2022.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31206
Data envío: 14/08/2025 14:30:47.297

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 

@PSdeG

981.55.15.30

CSV: REXPO-QCR64GAG-1
Verificación:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Esta regresión pon en risco a continuidade da industria galega da transformación da madeira de piñeiro e a súa cadea de valor, con implicacións económicas para toda a Eurorexión Galicia–Norte de Portugal. Por outra banda, o ditame aprobado polo Parlamento de Galicia tras a vaga de lumes de 2017 xa incidía na necesidade de limitar as plantacións de eucalipto en función dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e de eliminar as axudas públicas á forestación con esta especie.

Cómpre avanzar cara a un modelo forestal máis equilibrado, que promova a biodiversidade, garanta o aproveitamento sostible do monte e incentive a recuperación das masas de coníferas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego prorrogar a moratoria das plantacións de eucalipto máis aló de decembro de 2025?
2. Cando publicará a Xunta de Galicia unha avaliación oficial sobre os efectos reais da moratoria na evolución das masas forestais?
3. Cando se fará público o volume de madeira existente na comunidade, conforme aos resultados actualizados do Inventario Forestal Continuo de Galicia?
4. Está disposto o Goberno galego a constituír un grupo de traballo con participación da cadea forestal e das organizacións agrarias, para analizar a situación e consensuar medidas?
5. Considera a Xunta de Galicia prioritaria a elaboración e posta en marcha dos PORF e do Catálogo de usos do solo agrario e forestal como ferramentas clave para a xestión sostible?
6. Valora a creación dun grupo de investigación estable sobre mellora





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31206
Data envío: 14/08/2025 14:30:47.297

xenética de coníferas galegas, con capacidade para desenvolver

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 

@PSdeG

981.55.15.30

CSV EXPC-QCR6GAGv-1
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31206
Data envío: 14/08/2025 14:30:47.297

variedades máis resistentes a pragas e enfermidades, e a introdución de novas especies de coníferas adaptadas a Galicia?

7. Vai poñer en marcha un plan de choque integral para frear a regresión das masas de coníferas en Galicia, con medidas concretas e dotación orzamentaria suficiente?

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2025



CSX REXPO-QCR64GAGv-1

Verificación



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 

981.55.15.30

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:38:08

Lara Méndez López na data 14/08/2025 12:38:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31206
Data envío: 14/08/2025 14:30:47.297

CSV REXPO-qCR64GAGv-1
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:30:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31206
Data envío: 14/08/2025 14:30:47.297

CSV REXPO-QCR64GAGv-1
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 33335(12/POC-006079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a evolución e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga e a postura manifestada por parte da veciñanza e das persoas titulares dos terreos

Publicación da iniciativa, 257f1, 18.09.2025

Publicación recualificación, 277f2, 30.10.2025



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:55:44
Nº Rexistro: 33335
Data envío: 05/09/2025 16:55:44.319

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita** sobre a tramitación do Polígono Agroforestal de San Miguel (Valga).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) está a desenvolver o Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga, con data de acordo de inicio o 20.7.2023 (DOG do 10 de agosto de 2023). No mes de outubro de 2023 publicouse a declaración de utilidade pública e interese social, por medio do Decreto 132/2023 do 14 de setembro (DOG do 3 de outubro de 2023). Este proxecto ten unha superficie de 29,57 ha divididas en 377 parcelas e segundo informacións difundidas polo concello de Valga estaría destinado a viñado.

Na comisión informativa que tivo lugar no parlamento o 13 de xuño de 2025 a directora da AGADER afirmou que se presentaron un total de 36 alegacións por parte de propietarios de parcelas afectadas polo Polígono Agroforestal. Mais esta afirmación é incorrecta xa que en realidade presentáronse máis de 300 sinaturas, das cales 68 pertencen a propietarios de parcelas incluídas no perímetro do Polígono.

Tendo en conta que o número total de propietarios afectados é de 107, isto supón que un 63,5% das persoas titulares manifestaron a súa oposición ao proxecto, o que resulta relevante aos efectos do previsto no punto 1 do artigo 68 da lei 11/2021 de recuperación da terra agraria, que establece que “será necesario contar co acordo

Asinado o día 05/09/2025 ás
16:54
Por Luis Bará Torres

CSH-REVPG-HWDB5ER-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo, o 70% das terras incluídas no perímetro proposto para o polígono agroforestal”.

A tramitación deste proxecto fíxose con total ocultación e falta de transparencia, xa que a primeira noticia que tivo a veciñanza foi nun acto informativo que tivo lugar o 10 de novembro de 2023, meses despois de publicarse o acordo de inicio.

A directora de AGADER afirmou na citada comisión que se celebraron reunións coa veciñanza os días 8 de abril de 2022 e 28 de novembro de 2022. Nesas xuntanzas participaron representantes da Xunta, representantes do Concello de Valga, o presidente da comunidade de montes e tres veciños. Non houbo por tanto unha información directa á veciñanza: non se informou publicamente da súa realización e non se deu conta dos temas tratados.

En relación coa reunión do 10 de novembro de 2023, esta foi convocada polo Concello de Valga e nela non se deu información clara sobre este tipo de polígonos. Pola contra, deuse unha información confusa xa que se asimilou o Polígono a unha concentración parcelaria cando son figuras moi diferentes.

En canto á afirmación da directora da AGADER de que 43 veciños e veciñas manifestaron estar dacordo co proxecto, esta información é tamén incorrecta. En ningún momento se realizou unha votación formal polo que é imposible que se acredite cal foi o parecer das persoas asistentes á xuntanza.

A realidade é que na parroquia de San Miguel de Valga existe unha grande preocupación por un proxecto que non responde ás necesidades reais da poboación local e non se adapta ao contexto socioeconómico e agrario da parroquia.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:55:44
Nº Rexistro: 33335
Data envío: 05/09/2025 16:55:44.319

Por que motivo a directora de AGADER deu unha información distorsionada en sede parlamentar sobre a tramitación do Polígono Agroforestal de Valga, as reunións coa veciñanza e as alegacións presentadas?

Que intereses alleos á parroquia están detrás deste proxecto?

Ten previsto a Xunta proseguir coa tramitación do Polígono Agroforestal de San Miguel (Valga) logo de que unha boa parte da veciñanza da zona e titulares dos terreos afectados manifestase a súa oposición ao proxecto?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2025

CSV REXPO-HVD-B65ER-6
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2025 16:54:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:55:44
Nº Rexistro: 33335
Data envío: 05/09/2025 16:55:44.319

CSV REXPO-HD-B65ER-6
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 16:55:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:55:44
Nº Rexistro: 33335
Data envío: 05/09/2025 16:55:44.319



CSV REXPO-HD-B65ER-6
Verificar
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 13:07:07
Nº Rexistro: 37516
Data envío: 23/10/2025 13:07:07,549

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita (doc. núm. **33335**) **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 7ª, ao non ser respondida no prazo regulamentariamente establecido.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REVPG-TZCSa237-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 23/10/2025 ás
13:06
Por Luis Bará Torres

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 23/10/2025 13:06:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 13:07:07
Nº Rexistro: 37516
Data envío: 23/10/2025 13:07:07.549

CSV REXPO-TZCSar237-6
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 13:07:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 13:07:07
Nº Rexistro: 37516
Data envío: 23/10/2025 13:07:07.549

CSV REXPO-TZCSar237-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 34973(12/POC-005718)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis

Sobre as condicións laborais e de seguridade das brigadas
helitransportadas que traballan nas campañas de incendios
forestais e a postura da Consellería do Medio Rural ante a
posibilidade de incrementar o peso do sector público neste
servizo

Publicación da iniciativa, 265f3, 08.10.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:40
Nº Rexistro: 34973
Data envío: 29/09/2025 13:45:40.797

Asinado o día 29/09/25
13:44
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á privatización do servizo de bombeiros forestais.

Asinado o día 29/09/2025 ás 13:44
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No recente incendio acontecido en Barreiros (Lugo), cinco brigadistas resultaron gravemente feridos mentres operaban nunha unidade helitransportada xestionada por unha empresa privada. Este feito reavivou a preocupación polos riscos derivados do modelo mixto existente, onde conviven brigadas dependentes da Xunta e outras adscritas a empresas privadas.

Segundo denuncias dos profesionais e sindicatos do sector:

- As brigadas privadas contan con peores salarios (1.200 - 1.500 €/mes brutos), contratos temporais (4-6 meses), ausencia de pagas extraordinarias e días festivos remunerados, fronte ás condicións das brigadas públicas, con contratos anuais e salarios mellores (ata 1.800 €/mes), adicionais como vacacións e festivos pagos.
- Existe unha maior rotación de persoal nas empresas privadas, en moitos casos con escasa experiencia, agravando os riscos durante as intervencións en incendios forestais.

Asinado o día 29/09/2025 ás
13:43
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: REVPG-9e9p50qzP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



- Denúnciase tamén a falta de formación adecuada, precarización, e imposibilidade de realizar horas extra cando a situación o require.

- O propio modelo iniciouse coa privatización en 2012, durante o goberno de Núñez Feijóo, e mantense na actualidade cun total de 12 brigadas helitransportadas, das cales a metade seguen sendo privatizadas.

Diante destas denuncias, a Xunta argumenta que os traballadores de empresas subcontratadas contan cos mesmos medios e formación, pero os profesionais de ambos ámbitos coinciden en que “non hai comparación” en termos de dereitos e seguridade laboral.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Ten previsto a Consellería do Medio Rural incrementar o peso do sector público na xestión das brigadas helitransportadas na campaña contra incendios?

2. Que mecanismos existen para garantir a formación e a experiencia suficiente do persoal das brigadas externas que participan nas campañas de verán?

3. Que valoración fai a Consellería da sinistralidade rexistrada recentemente na unidade de Castromaior (Lugo) e que cambios pretende introducir para evitar novos accidentes graves?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/09/2025 13:43:54
Secundino Fernández Fernández na data 29/09/2025 13:44:02
Daniel Castro García na data 29/09/2025 13:44:09
Luis Bará Torres na data 29/09/2025 13:44:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:40
Nº Rexistro: 34973
Data envío: 29/09/2025 13:45:40.797

CSV REXPG-8e9p50qzP-2
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:45:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:40
Nº Rexistro: 34973
Data envío: 29/09/2025 13:45:40.797



CSV REXPG-8e9p50qzP-2
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 35680(12/POC-005833)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as perspectivas da Xunta de Galicia en relación co
impulso de medidas destinadas a reducir o desperdicio
alimentario

Publicación da iniciativa, 269f1, 16.10.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:15:50
Nº Rexistro: 35680
Data envío: 06/10/2025 11:15:50.374

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A redución do desperdicio alimentario é un obxectivo estratéxico da UE (Pacto Verde Europeo, Estratexia “Da Granxa á Mesa”) e Galicia ten un reto importante para chegar á meta da redución do 50 % en 2030.

Trátase dun obxectivo ambicioso que ten diversas causas que dificultan o reto que temos por diante. O exceso de produción dos produtos agrarios e pesqueiros en determinadas épocas do ano que o mercado non absorbe e unha delas. As cadeas de distribución longas e fragmentadas onde se producen perdas no transporte, almacenamento e loxística tampouco contribúen positivamente. As normas comerciais e de presenza fan que produtos de boa calidade queden fora do mercado así como o baixo valor dos excedentes.

Por outra banda aínda queda moito marxe de mellora por parte do consumidor. Hai que concienciar a poboación para evitar compras excesivas, fomentar a cultura o reaproveitamento.

A hostalaría e restauración ten que xogar un papel activo onde se planifiquen mellor os menús, os eventos e os bufes. E unha maior concienciación e implicación na xestión de residuos.

O marco normativo tamén complica este obxectivo dificultando as doazóns ou o consumo de produtos preto de caducar ou marcar a diferenza entre “consumir

Asinado o día 06/10/2025 ás
11:12
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 06/10/2025 ás
11:12
Por Lara Méndez López

CSV: REVPG-a493X4e4-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:15:50
Nº Rexistro: 35680
Data envío: 06/10/2025 11:15:50.374

preferentemente" ou a "data de caducidade" polo medo das responsabilidades legais.

As políticas postas en marcha polo Xunta de Galicia como o reparto de 60.000 tupperes reutilizables ou 25.000 bolsas para separar residuos teñen amosado ser insuficientes. Estamos a cinco anos da data marcada para acadar esa redución do 50 % e a Xunta de Galicia ten que ser máis proactiva. E en palabras do propio goberno da Xunta admítase que se esta lonxe de cumprir co obxectivo da unión Europea.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar un inventario autonómico do desperdicio alimentario por cadea de produción, transformación, distribución, hostalaría e fogares, usando a metodoloxía común da UE para facilitar a comparativa?
2. Contempla a Xunta de Galicia elaborar unha guía e un protocolo que reduza o risco para doadores aproveitando o marco da lei estatal?
3. Vai Xunta de Galicia promover campañas de información e formación destinada a toda a cadea de produción incluíndo á persoa consumidora?
4. Está a considerar a Xunta de Galicia establecer unha liña de axudas para inversións en conservación e almacenamento postcolleita para produtores incidindo nos mais vulnerables?

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

CSV REXPO-av493X4e+5
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 06/10/2025 11:12:44

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2025 11:12:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:15:50
Nº Rexistro: 35680
Data envío: 06/10/2025 11:15:50.374



CSV REXPO-av493X4e4-5
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:15:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:15:50
Nº Rexistro: 35680
Data envío: 06/10/2025 11:15:50.374

CSV REXPO-av493X4e4-5
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 14.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 35865(12/POC-005855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a
prevención e o control da dermatose nodular contaxiosa

Publicación da iniciativa, 269f1, 16.10.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:55
Nº Rexistro: 35865
Data envío: 07/10/2025 12:53:55.279

Asinado o día 07/10/2025
Por Secundino Fernández

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a dermatose nodular contaxiosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente chegada ao Estado Español da Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) posiciona ao noso país nunha situación de alto risco para a gandería, tanto de leite coma de carne, que ven de enfrontarse nos últimos anos ao contaxio de enfermidades emerxentes que deixaron grandes perdas nas nosas explotacións, véxase a lingua azul ou a EHE como exemplo.

Coa detección dun gromo en Cataluña nunha granxa de xovencas de recría onde 3 animais presentaban síntomas compatibles coa enfermidade e a súa confirmación en laboratorio, estableceuse un radio de 20 quilómetros de protección e 50 quilómetros de vixilancia na zona, quedando restrinxido o movemento de animais e produtos que poden vehicular o virus dende a área afectada.

Non entanto, como podemos ver ao ollar a evolución da enfermidade nos últimos meses, toda a prevención é pouca para unha patoloxía vírica con grande capacidade de contaxio, tanto entre animais enfermos e sans coma a través de vectores coma moscas, tabáns ou carrachas, cunha mortalidade que non chega ao 10% normalmente, pero unha morbilidade que pode acadar o 45%. Ao respecto diso e sabendo as medidas a tomar no caso desta enfermidade de categoría A pola UE e que se encamiñan cara a erradicación

Asinado o día 07/10/2025 ás
12:50
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 07/10/2025 ás
12:50
Por Ariadna Fernández González

CSV: REVPG-6Xv437nN-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:55
Nº Rexistro: 35865
Data envío: 07/10/2025 12:53:55.279


desta, débese priorizar a prevención e detección precoz, que resulta crítica para reducir o impacto no caso da entrada da DNC no país.

Non é de importancia menor para Galiza lembrar cales son as medidas de control nas explotacións afectadas pola enfermidade, onde se establece a inmovilización e baleiro sanitario, coa eliminación dos animais sacrificados e dos produtos que poden transmitir dito virus, coas perdas económicas para a gandería que suporía no noso territorio, onde o sector gandeiro move millóns de euros anualmente a través do gando bovino, cunha facturación de arredor de 3.000 millóns de euros tanto no gando de leite coma de carne.

É polo tanto vital que o goberno galego actúe con determinación ao respecto, dado que existe unha ameaza real de chegada da enfermidade, tomando de xeito urxente medidas para evitar o contaxio da Dermatose Nodular no noso país e para paliar os seus posibles efectos no caso de sufrila.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Establecerá a Xunta de Galiza de xeito inminente a vacinación gratuíta contra a Dermatose Nodular Contaxiosa en Galiza a levar a cabo por persoal propio da Consellería antes de que a enfermidade chegue ao noso país para que sexa útil en aras de prevención dunha situación moi complexa en canto a Sanidade Animal?
2. Procederase ao establecemento de medidas adicionais por parte da Consellería de Medio Rural para prever a entrada en Galiza da DNC?
3. Considera a Xunta de Galiza que as indemnizacións por animal no caso dos baleiros sanitarios (caso da DNC) están actualizadas segundo o prezo de mercado do gando?



CSV: REXPG-6Xdw437qM5

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO


GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:55
Nº Rexistro: 35865
Data envío: 07/10/2025 12:53:55.279

4. Que tipo de canles de información e que información se achegou e se está a achegar aos titulares de explotacións gandeiras e transportistas de gando ao respecto da DNC e a ameaza que supón para a nosa cabana gandeira?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/10/2025 12:50:47

Sonia Vidal Lamas na data 07/10/2025 12:50:55

Secundino Fernández Fernández na data 07/10/2025 12:51:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:55
Nº Rexistro: 35865
Data envío: 07/10/2025 12:53:55.279

CSV REXPG-6Xd437qM5
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 12:53:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:55
Nº Rexistro: 35865
Data envío: 07/10/2025 12:53:55.279

CSV REXPG-6Xd437qM5
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

